

# Ó final sempre queda o amor


**NARRATIVA** A novela sigue a liña das obras anteriores do autor, afondando en historias de vida que habian nas marxes da sociedade urbana.

**Camiño Noia** Texto

“Ó final sempre queda o amor” pode ser un bo título para concluír a historia duns irmáns abandonados pola nai que busca nun encontro ocasional o amor que non atopara no seu matrimonio.

A nova entrega narrativa de Ameixeiras é unha novela coral situada nos espazos miserables e corrompidos na cidade en que se converteu Compostela para mergullarnos na vida duns delincuentes que trafican con droga e, por ela, con vidas humanas. Trátase da historia de dous irmáns que viven miseramente de pequenos roubos e de traballos de prostitución a turistas e xentes de paso pola capital galega. No seu paso polos baixos fondos da urbe, atoparán mercenarios de traficantes e na busca dunha vida mellor quedarán enmarañados nas súas redes.

O tempo narrativo transcorre en catro días, de luns a venres e o narrador vai describindo diferentes escenas situadas nun tempo concreto do día e da noite coa presenza dos diversos personaxes que poboran a historia. Ata case a metade da novela, o mércores ás 14: 50 cando Érika lle conta a Ventura a relación do seu irmán Samuel cos narcotraficantes, non daremos colocado a cadaquén no seu lugar e na relación cos outros. Nese momento narrativo, o que nos pareceran historias independentes conflúen entre si para configurar unha soa historia. Unha historia de amor fraternal contextualizada pola miseria e a falta de oportunidades da vida, que, despois de tanta violencia e morte, remata deixándonos a mensaxe de que en



*Conduce rápido*  
Diego Ameixeiras  
Xerais, 2014

**A nova entrega narrativa de Ameixeiras é unha novela coral situada nos espazos miserables e corrompidos na cidade en que se converteu Compostela para mergullarnos na vida duns delincuentes que trafican con droga e, por ela, con vidas humanas.**

medio da miseria e da depravación pode haber amor e lealdade.

Nunha entrevista de Montse Dopico para Faro da Cultura,

Ameixeiras afirma que el no vulga os personaxes, pretende que sexa o lectorado quen o faga, de aí as súas descrições frías, obxectivas, case como planos cinematográficos sen explicar todo o que ocorre.

Como sinalan as recensións xornalísticas, a novela segue a liña das obras anteriores de Ameixeiras afondando en historias de vida que habitan nas marxes da sociedade urbana aínda que, ás veces, moi relacionada con personaxes que rexen as institucións públicas. Tamén concordo coa crítica nas descrições minuciosas que, nalgúns capítulos, nos ofrece o autor sobre personaxes e espazos a xeito dun retratista de “vidas precarias que deambulan polo decorado”. O que xa non comparto, simplemente por respecto ó establecemento dos xéneros, é que á narrativa realista do noso tempo se lle aplique a denominación de ‘xénero negro’. Certo que hai asasinatos e que Ameixeiras manexa os tópicos da novela negra americana como a el lle parece, mais un dos elementos (tópicos) esenciais dese xénero é que o crime será obxecto dunha investigación por parte da policía ou dun detective. Tópico ou elemento do que carecen as últimas novelas deste narrador. Se se quere e é preciso seguir a rotulación americana quedaríame con narrativa *pulp*, como di o propio autor; aínda que eu prefiro falar de realismo social da modernidade, a crónica social dun tempo no que unha democracia perversa permite que unha boa parte da sociedade malviva na miseria da escravitude do noso tempo, a droga e a prostitución.